

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión ordinaria do 24 de maio de 2010

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a Isaura Abelairas Rodríguez
D. Francisco Xabier Alonso Pérez
D. Xulio Calviño Rodríguez
D. Santiago Domínguez Olveira
D. Eudosio Álvarez Álvarez
D^a M^a Xosé Méndez Piñeiro
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz
D. José Manuel Mariño Mendoza

NON ASISTEN:

D. Carlos López Font

Invitados:

D^a Raquel Díaz Vázquez
D^a María Jesús Lago Rey
D. Angel Rivas González
D. Xesús López Carreira

D^a Laura López Atrio
D^a Iolanda Veloso Ríos

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e seis minutos do día vinte e catro de maio de dous mil dez e baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Abelairas Rodríguez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, o titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sr. Lorenzo Penela, o interventor xeral, Sr. González Carnero e o titular da Asesoría Xurídica, Sr. González Yebra-Pimentel..

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(847).- ACTA ANTERIOR.

Apróbase a acta da sesión ordinaria do 3 de maio de 2010. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr. Alcalde-presidente.

2(848).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A FEDERACIÓN DE PEÑAS RECREATIVAS EL OLIVO PARA A ORGANIZACIÓN DA FESTA DO MEXILLÓN 2010. EXPTE. 3540/335.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico, do 12.05.10, o informe de fiscalización, do 18.05.10, e de acordo co informe-proposta da técnica do Servizo de Animación Sociocultural, do 12.05.10, conformado polo concelleiro delegado de Animación Sociocultural, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o proxecto de convenio, que de seguido se transcribe, entre o Concello de Vigo e a Federación de Peñas recreativas “El Olivo” para a coorganización da “XV FESTA DO MEXILLÓN”.

2º.- Facultar ó concelleiro de Animación sociocultural para asinar o convenio.

3º.- Autorizar un gasto por importe de 14.000,00 euros, en concepto do estipulado no convenio, que se aboará á Federación de Peñas recreativas “El Olivo” (CIF G-36.704.666), con cargo á partida presupostaria 3380.489.0005 (Convenio Federación Peñas recreativas El Olivo – Festa Mexillón) do programa presupostario de Animación sociocultural para o exercicio 2010.

CONVENIO DE COLABORACIÓN PARA A ORGANIZACIÓN DA FESTA DO MEXILLÓN 2010.

Na Casa do Concello de Vigo, a ...de..... de dous mil dez

REUNIDOS

Dunha parte, don Xesús López Carreira, na súa calidade de concelleiro-delegado da Área de Cultura e Animación Sociocultural do Concello de Vigo, na representación legal do mesmo, en virtude do decreto da Alcaldía de 5 de xullo de 2007, sobre delegación de atribucións no Tenente Alcalde e demais Delegados de Área.

Doutra, don Balbino Moreira Vállez, como presidente da Federación de Peñas recreativas “El Olivo”, CIF nº G-36.704.666 e enderezo social na praza dos Galegos Ilustres de Vigo, na representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación do seu secretario que figura na documentación do expediente núm. 3540/335.

Tendo, daquela, os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

MANIFESTAN

I.- Que a Federación de Peñas recreativas El Olivo ten por fins, entre outros, o fomento e estimulación da cultura, a organización e desenvolvemento de eventos recreativos e o apoio ás iniciativas desenvolvidas en prol do engrandecemento de Vigo. Deste modo, esta entidade vén organizando nos últimos anos a “Festa do Mexillón”, no parque de Castrelos, con grande éxito organizativo e aceptación entre os cidadáns, estando en condicións de organizar a presente edición.

II.- Que o Concello de Vigo está a organizar o programa de actividades e espectáculos das “Festas de Verán 2010”, que se desenvolve nos meses de xullo e agosto na cidade de Vigo, co obxecto de potenciar a oferta cultural que lle achega á cidadanía; neste sentido existe un grande interese en apoiar as festas gastronómicas de enxalzamento de produtos da nosa ría, como son o polbo, a sardiña

e o mexillón, así como os nosos folclore e cultura populares. De igual maneira, o Concello está interesado en achegarlle á cidadanía unha oferta cultural diversificada e popular que albergue o maior número posíbel de actividades, dirixidas a todos os sectores culturais.

III. Que dende o ano 1996 se asinaron diversos convenios de colaboración entre ambas as entidades para desenvolver actividades socioculturais, e os resultados acadados foron moi satisfactorios para ambas as partes.

IV.- Así as cousas, o Concello de Vigo no seu vixente orzamento, aprobado por acordo plenario de 22 de decembro de 2008, na partida 4512.489.0005, prevé nominativamente a concesión dunha subvención por importe de 14.000,00 (catorce mil) euros, a favor da Federación de Peñas recreativas El Olivo.

V.- Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e 26.1 da Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, os intervenientes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é a organización da Festa do Mexillón 2009 no parque de Castrelos o día 1 de agosto.

VI.- Que a entidade Federación de Peñas recreativas El Olivo non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, achase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente núm. 3540/335.

Que en base ás precedentes consideracións e ao interese social e cultural que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade da entidade Federación de Peñas recreativas El Olivo, o Concello de Vigo e a dita entidade conveñen a súa colaboración no ámbito cultural e a concesión da referida subvención en base aos seguintes.

PACTOS

Primeiro.- A Federación de Peñas recreativas “El Olivo” comprométese a colaborar coa Concellería de Cultura e Animación sociocultural do Concello de Vigo en canto a organización da Festa do Mexillón 2010, que terá lugar no parque de Castrelos, e concretamente a:

1º.- Asumir todo o concernente á organización da “XV FESTA DO MEXILLÓN”, achegando toda a infraestrutura e equipo humano necesarios para tal fin, así como cumprir o programa presentado.

2º.- Asumir todos os gastos que se deriven deste convenio, agás os que especifiquen como responsabilidade do Concello.

3º.- Obter todos os permisos e autorizacións necesarios para a realización desta actividade.

4º.- Comezar as actividades do programa á hora anunciada ó público e comprobar coa antelación suficiente o correcto funcionamento das instalacións e equipamento, para realizar as correccións técnicas que resulten necesarias.

5º.- Xestionar e aboar a cantidade que corresponda polos dereitos de autor que se xeren pola programación que figura nesta expediente.

6º.-Distribuír o material publicitario editado con motivo das festas, entregado polo Concello.

En xeral cumprir coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei de Galicia 9/2007.

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1º.- Colaborar coa organización da festa en xestións como a presenza da Policía Local e Protección Civil, para o seu bo desenvolvemento.

2º.- Achegar un total de cincocentos carteis con motivo da festa, que entregará á entidade beneficiaria para a súa distribución, cunha antelación mínima de dez días.

3º.- Incluír esta actividade na campaña de publicidade que o Concello realice con motivo do programa das “Festas de Vigo 2009”.

4º.- Conceder directamente á Federación de Peñas recreativas El Olivo, unha subvención por importe de 14.000,00 (catorce mil) euros co obxecto de coadxuvar ó financiamento da organización da Festa do Mexillón 2010.

O Concello non asume ningún compromiso distinto dos recollidos no presente convenio.

Terceiro.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Cuarto.- O pagamento da cantidade recollida no pacto segundo deste convenio realizarase efectuarase por transferencia bancaria conta corrente número 2080.0020.16.0040023628, da entidade bancaria CAIXANOVA, da que é titular a entidade beneficiaria, tras a xustificación das axudas.

Quinto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducisen na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción .

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Sexto.- A beneficiaria poderá subcontratar con terceiros ata un 100 % do importe da actividade subvencionada.

Non poderán ser subcontratistas as persoas ou entidades a que se refire o apartado 7 do artigo 27 da Lei de Galicia 9/2007.

Sétimo.- A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade ó financiamento municipal da actividade subvencionada mediante a incorporación do logotipo da Concellería de Cultura e Animación Sociocultural e da imaxe corporativa do evento en todos os soportes publicitarios que edite.

Oitavo.- Segundo o artigo 15.2.a da Lei de Galicia 9/2007, non será necesaria a publicación da presente subvención.

Noveno.- A beneficiaria, no prazo de quince días a contar desde o remate da actividade subvencionada deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá presentar:

a) Memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións previstas no presente convenio, con indicación dos actos celebrados, datos de participación, memoria de prensa, rexistro fotográfico e audiovisual e informe de incidencias.

b) Memoria económica xustificativa do custo final das actividades realizadas, que incorporará:

- Balance económico con detalle dos gastos e ingresos finais e desviacións con relación ao orzamento inicial.

- Relación clasificada dos gastos totais da actividade, con identificación do acredor, número de factura, CIF/NIF, concepto facturado e importe.

- Facturas e demais documentos orixinais de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, polo importe subvencionado. Os ditos documentos, que serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE; estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1496/2003, de 28 de novembro polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Non será preciso que nos documentos xustificativos de pago conste de forma expresa que os pagos aos que os mesmos se refiren foron satisfeitos con anterioridade ao proceso de xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención. Se a beneficiaria solicitase a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e se o importe do xustificante se imputa total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.

- Relación detallada de outros ingresos ou subvencións que financiaron a actividade, acreditando o seu importe, procedencia e a aplicación dos ditos fondos ás actividades subvencionadas.

Décimo.- Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedora por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 e) da Lei de Galicia 9/2007.

Décimo primeiro.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan a natureza da actividade subvencionada e se realicen no exercicio económico do convenio.

A beneficiaria deberá solicitar 3 ofertas cando o gasto exceda de 30.000 € por execución de obra ou 12.000 € no caso de subministracións ou servizos, salvo que non exista mercado para as ditas contratacións.

Décimo segundo.- A realización da actividade subvencionada, o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención e a súa axeitada xustificación serán comprobados polos servizos da Concellería de Animación Sociocultural. O persoal técnico do servizo de Animación Sociocultural emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo terceiro.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Animación Sociocultural e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo cuarto.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 da LG 9/2007.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo quinto.- A información sobre as actividades, especialmente en carteis e programas, estará integramente en idioma galego, e terá que ser revisada polo Servizo de Normalización Lingüística do Concello de Vigo. En toda a información figurarán os logotipos da Concellería de Cultura e Animación sociocultural, da Tenencia de Alcaldía e da entidade beneficiaria, nas mesmas condicións e tamaños. O material editado deberá contar coa conformidade previa da Concellería de Animación sociocultural do Concello de Vigo e disporá dos depósitos legais que lle correspondan.

Décimo sexto.- O mecanismo de seguimento da execución deste convenio establécese en base ás memorias e informes que presenten as entidades asinantes e á presenza do persoal técnico da Concellaría de Animación Sociocultural nos actos programados.

Décimo sétimo.- O presente convenio terá vixencia anual a contar dende a data da súa sinatura.

Décimo oitavo.- O concelleiro de Animación Sociocultural queda facultado para resolver as posíbeis controversias derivadas da execución e interpretación deste convenio, así como para tomar iniciativas que contribúan ó seu cumprimento e desenvolvemento.

Décimo noveno.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei de Galicia 9/2007 e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

Vixésimo.- A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación

da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de Galicia 9/2007 en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Animación Sociocultural.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Animación Sociocultural do Concello de Vigo.

Vixésimo primeiro.- A actividade obxecto deste convenio está destinada ó público en xeral, e o acceso á mesma será público e gratuíto; o número de asistentes limitarase á capacidade do lugar onde se celebre. De todos os xeitos, as actividades, servizos ou produtos ofertados alí poderán traer consigo unha achega económica por parte dos usuarios (billetes, entradas, etc.).

Por este motivo, a entidade beneficiaria proporá ó Concello os prezos para cada unha das actividades, servizos ou produtos, para obter a conformidade da concellería de Animación sociocultural. A entidade deberá expor durante a celebración da actividade, nun lugar perfectamente visíbel, o listado de prezos de venda ó público.

A tal fin, establecerase un sistema de control de ingresos procedentes do goce ou uso das distintas actividades, que poderán ser billetes ou xustificantes de ingresos, nos que deberán figurar os conceptos e importes, e que estarán numerados correlativamente. A entidade proporalle ó Concello os modelos de billetes ou xustificantes, e tamén o seu número, para obter a correspondente conformidade.

Vixésimo segundo.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo na data anteriormente indicada.

3(849).- SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR: ALTA EXPTE. 13/1561, 13/1964, 11/1534.

Examinadas as actuacións dos expedientes e de acordo cos informes proposta da traballadora social responsable do Programa, conformados pola concelleira delegada da Área de Benestar Social, a Xunta de Goberno local acorda conceder a prestación do Servizo de Axuda no Fogar as seguintes persoas:

- D^a. Obdulia Domínguez Fernández. Expte. 1534/11.
- D^a. Amelia Rodríguez Pastoriza. Expte. 13/1964.
- D^a. Carmen Gómez Caride. Expte. 13/1561.

3(850)BIS.- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN AO CLUB HABELAS HAINAS RAID AVENTURA PARA A CELEBRACIÓN DO “CAMPEONATO GALLEGO DE ORIENTACIÓN SPRINT DE LA XIX LIGA GALLEGA DE CARRERAS DE ORIENTACIÓN” O DÍA 29 DE MAIO DE 2010. EXPTE. 9481/333.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do director deportivo do IMD, do 18.05.10, conformado polo concelleiro de Deportes, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar ao Club Habelas Hainas Raid Aventura, a organizar o vindeiro sábado 29 de maio o de 2010, o CAMPEONATO GALLEGO DE ORIENTACIÓN SPRINT DE LA XIX LIGA GALLEGA DE CARRERAS DE ORIENTACIÓN, dita carreira comezará ás 16.00 horas e rematará ás 20.00 horas aproximadamente, e se levará a cabo no barrio do Casco Vello.

4(851).- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN A ESCUDERÍA RÍAS BAIXAS PARA A ORGANIZACIÓN DA 46ª EDICIÓN RALLYE RÍAS BAIXAS-VODAFONE GRAN PREMIO-TURISMO DE VIGO, OS DÍAS 28 E 29 DE MAIO DE 2010. EXPTE. 9497/333.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do director deportivo do IMD, do 18.05.10, conformado polo concelleiro de Deportes, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar á Escudería Rías Baixas, a organizar os vindeiros días 28 e 29 de maio de 2010, a 46ª EDICIÓN RALLYE RÍAS BAIXAS – VODAFONE GRAN PREMIO – TURISMO DE VIGO, dito evento se levará a cabo nas inmediacións da rúa do Príncipe (Porta do Sol) os días 28 de maio dende as 18.30 horas ata as 22.30 horas e o sábado 29 de maio dende as 20.00 horas ata as 01.00 horas.

5(852).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA POR IMPORTE DE 45.670 ,39 € A FAVOR DE UTE IMES-ESYCSA POLO SERVIZO DE “MANTEMENTO DE TÚNELES E PASOS INFERIORES”. EXPTE. 13422/444.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 14.05.10, e de acordo co informe-proposta dos Servizos Electromecánicos, do 4.05.10, conformado pola concelleira da Área de Servizos Xerais, a Xunta de Goberno local acorda:

Aprobar unha indemnización substitutiva por importe total de 45.670,39 Euros, correspondente á facturación do mes de abril do ano 2010, con cargo á partida orzamentaria “*mantemento túneles e pasos inferiores*” 1650.227.99.02 e recoñecer a obriga a favor da UTE Imes-Esycsa polo citado importe, por prestación do devandito servizo.

6(853).- PROXECTO DE OBRA E NOMEAMENTO DE DIRECTOR DA OBRA “ACONDICIONAMENTO DE LOCAL MUNICIPAL DE RIVERA ATIENZA”. EXPTE. 7063/77.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe de Promoción Económica e Emprego, conformado polo concelleiro de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o proxecto de obra de “Acondicionamento de Locais de propiedade municipal en Rivera Atienza, para locais sociocomunitarios”, no local de propiedade municipal emprazado na rúa Martínez Garrido número 21 Interior, que se atopa baleiro se proceda a preparación de dous locais destinados a actividades sociocomunitarias , un de 82 m2 e outro de 39,33 m2.

2º.- Nomear a Xosé Antonio Muíños Acuña como Director das obras a realizar no proxecto construtivo de “Acondicionamento de Locais de propiedade municipal en Rivera Atienza, para locais sociocomunitarios”, asumindo a supervisión técnica de dita obra.

7(854).- XUSTIFICANTES DE LIBRAMENTOS.

Examinados os xustificantes de libramentos remitidos por Intervención Xeral, a Xunta de Goberno local aproba a seguinte relación dos mesmos:

NOME	O.PAGO	IMPORTE	XUSTIFICAC.	REINT.	S/FAVOR
ALONSO FERRAGUD SANTIAGO	10002854	2.000,00	1.995,99	4,01	----
ALONSO FERRAGUD SANTIAGO	10002855	5.000,00	4.954,74	45,26	----
ALONSO FERRAGUD SANTIAGO	10015300	75,40	75,40	0,00	----
CASTILLO MARTIN CARMELO	10001372	600,00	52,70	547,30	----
COMESAÑA ALÉN JUAN	10004554	4.000,00	3.998,49	1,51	----
ESCARIZ COUSO ALBERTO	10014822	191,81	191,81	0,00	----
ESCARIZ COUSO ALBERTO	10014823	191,81	191,81	0,00	----
ESPADA RE CAREY LUIS	10001693	500,00	325,41	174,59	----
ESPADA RE CAREY LUIS	10001697	500,00	455,26	44,74	----
ESPADA RE CAREY LUIS	10009850	500,00	452,80	47,20	----
FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ PAZ	10005263	50.000,00	50.000,00	0,00	----
GUTIERREZ ORÚE FRANCISCO J.	10006532	18.711,00	15.381,00	3.330,00	----
GUTIERREZ ORÚE FRANCISCO J.	10006994	450,00	244,25	205,75	----
GUTIERREZ ORÚE FRANCISCO J.	10006995	18,70	18,70	0,00	----
GUTIERREZ ORÚE FRANCISCO J.	10006996	18,70	18,70	0,00	----
GUTIERREZ ORÚE FRANCISCO J.	10006997	450,00	263,69	186,31	----
GUTIERREZ ORÚE FRANCISCO J.	10014024	400,00	321,03	78,97	----

GUTIERREZ ORÚE FRANCISCO J.	10014025	18,70	18,70	0,00	----
NÚÑEZ ABOY MARTA	10023869	2.925,00	2.924,91	0,09	----
SAN LUIS COSTAS AVELINO	10001690	1.000,00	754,06	245,94	----
TOTAL		87.551,12	82.639,45	4.911,67	,00

TOTAL XUSTIFICADO 82.639,45

8(855).- DEVOLUCIÓN DE AVAL Á CENTRAL UNITARIA DE TRABALLADORES CONSTITUÍDO POLA CELEBRACIÓN DUN XANTAR NO PARQUE DA RIOUXA. EXPTE. 77940/210.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da enxeñeiro técnico municipal, do 18.05.10, a Xunta de Goberno local acorda:

Que polos servizos da Intervención municipal, se proceda á devolución do aval presentado en data 9 de marzo de 2010 pola CENTRAL UNITARIA DE TRABALLADORES/AS, con CIF-G-15.675.317, por un importe de 2.000 €, para responder dos posíbeis danos con motivo da celebración dun xantar o día 1 de maio do ano en curso, no parque da Riouxa, por non producirse danos na vía pública.

9(856).- COMPLEMENTO DE PRODUTIVIDADE POR ACUMULACIÓN DE FUNCÍONS Á FUNCIONARIA D^a M^a DOLORES VIEITES ALÉN. EXPTE. 1404/500.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 11.05.10, dáse conta do informe-proposta da técnica de avaliación e formación de Recursos Humanos, do 12.04.10, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro de Xestión Municipal, que di o seguinte:

Considerando o disposto no artigo 73.2 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público (BOE nº 89, do venres 13 de abril do 2007) que preceptúa que as Administracións Públicas poderán asignar ao seu persoal funcións, tarefas ou responsabilidades distintas ás correspondentes ao posto de traballo que desenvolvan, sempre que resulten adecuadas á súa clasificación, grao ou categoría, cando as necesidades do servizo así o xustifiquen e sen mingua das retribucións; e dado que resulta imprescindible manter o correcto funcionamento dos Servizos municipais, en canto a xestión do mesmos, tramitación de expedientes administrativos, desenvolvemento e seguimento de programas dos servizos, etc, a fin de garantir a adecuada prestación do servizo público, o Concelleiro delegado de Xestión Municipal resolveu encomendar provisionalmente a distintos funcionarios municipais funcións propias doutros postos de traballo vacantes, con carácter estritamente provisional e sen prexuízo tanto das tarefas propias do posto de traballo ao cal estean adscritos, como das características inherentes ás prazas das cales son titulares.

Por resolución do Concelleiro delegado de Xestión Municipal de data 28 de febreiro de 2008, se encomendan á funcionaria D^a María Dolores Vieites Alén, (n de Persoal 77222 e DNI 36101442), actuacións de inspección conxunta no Imposto de Bens inmoables en colaboración coa Subxerencia Territorial do Catastro de Vigo de conformidade co disposto na sección 5º do Título III do Regulamento

do Catastro Inmobiliario, Actuacións de Inspección no Imposto de Construcións, Instalacións e Obras, e outras actuacións inspectoras que determine a concelleira de Economía e Facenda”, dentro das medidas extraordinarias necesarias para o cumprimento dos obxectivos do Plan de Control Tributario, aprobado pola concelleira de Economía e Facenda en data 14 de febreiro de 2008.

Recíbese expte nº 1404/500 no que a Directora de Ingresos , co conforme da Concelleira Delegada da area de Economía e Facenda , propón a aprobación dun complemento de produtividade a D^a M^a Dolores Vieites Alén polas funcións desenvolvidas no período comprendido entre o 1 de setembro de 2009 ao 28 de febreiro de 2010, en execución da devandita resolución.

A Directora de Ingresos propón como criterios obxectivos para o aboamento dun complemento de produtividade na cantidade de 650 € trimestrais, cantidade resultante do 26% do complemento de destino asinado aos postos de inspector de tributos ao considerar que as funcións desempeñadas suplen parcialmente un posto de inspector de tributos, o acadamento dun numero de actas asinadas superior a 20 e un importe de débeda tributaria liquidada superior aos 400,000.00 €.

Informase así mesmo do numero de actas asinadas e importe de débeda liquidada nos trimestres setembro-novembro 2009 e decembro 2009- febreiro 2010, superando en ambos períodos os obxectivos definidos.

Os devengos retributivos en concepto de produtividade e gratificacións forman parte das retribucións complementarias dos funcionarios públicos, como así recolle a Lei 7/2007, do 12 de abril do Estatuto Básico do Empregado Público (BOE nº 89, do venres 13 de abril do 2007) no seu artigo 24. Dado que o novo réxime retributivo deseñado na devandita norma xurídica non entrará en vigor ata a o desenvolvemento lexislativo posterior consonte á Disposición Final Cuarta da mesma norma, e vista a derogación expresa que do artigo 23 da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública, efectúa a Disposición Derrogatoria Única, apartado b), debe acudirse ao preceptuado no o art. 28 da Lei 26/2009, do 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para 2010, que define e precisa o contido e alcance do complemento de produtividade.

En igual senso, o artigo 5 do R.D. 861/86, de 25 de abril, polo que se regula o réxime de retribucións dos funcionarios da Administración local, o complemento de produtividade está destinado a retribuír o especial rendemento, actividade extraordinaria, e o interese e iniciativa coa que o funcionario desenvolve o seu traballo.

A apreciación da produtividade deberá realizarse en función de circunstancias obxectivas relacionadas directamente co desempeño do posto de traballo e obxectivos asignados ao mesmo, sen que en ningún caso as contías asignadas por dito complemento durante un período de tempo devenguen dereito individual algún verbo das valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos.

As cantidades que perciba cada funcionario por este concepto serán de coñecemento público, tanto dos demais funcionarios da Corporación como dos representantes sindicais dos traballadores/as.

Vistas as circunstancias anteditas, e sempre previo o preceptivo informe de fiscalización en relación á existencia de crédito suficiente na partida de imputación do gasto 121.0.1500000-“Produtividade”, nos termos do disposto nos artigos 214 e seguintes do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA:

Dar conformidade aos criterios obxectivos propostos pola Directora de Ingresos para o aboamento dun complemento de produtividade a funcionaria D Dolores Vieites Alén (N de persoal 77222), adscrita a Dirección de ingresos, na cantidade de 650 € trimestrais o acadamento dun numero de actas asinadas superior a 20 e un importe de débeda tributaria liquidada superior aos 400,000.00 € e outorgar a dita funcionara un complemento de produtividade por importe de 1300.00 €, polo desempeño das tarefas encomendadas segundo resolución de data 28 de febreiro de 2008, no período setembro 2009- febreiro 2010, con cargo á partida orzamentaria 121.0.1500000 “Produtividade”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

10(857).- COMPLEMENTO DE PRODUCTIVIDADE POR ACUMULACIÓN DE FUNCIONS Á FUNCIONARIA Dª ROSA MARÍA OTERO MALVAREZ. EXPTE. 4624/320.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 10.05.10, dáse conta do informe-proposta da técnica de avaliación e formación de Recursos Humanos, do 20.04.10, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro de Xestión Municipal, que di o seguinte:

Con data 5 de xaneiro de 2010, o xefe de Participación e Atención Cidadá, solicita a acumulación das funcións do posto de administrativo na funcionaria auxiliar administrativa Rosa M· Otero Malvarez con nº de persoal 80568, tendo en conta as novas funcións asumidas pola Concellería de Participación Cidadá con motivo da delegación de atribucións de data 5 de xaneiro de 2004, acordo do Pleno de 29 de setembro de 2006 no que se aproba a “Guía de actuación para a recollida, tramitación e seguimento das queixas e suxestións, si como a situación en canto a persoal dos citados servizos nos que se atopan vacantes os postos de Xefa de negociado de Información por excedencia voluntaria do seu titular (se ben ditas funcións atópanse encomendadas a administrativa do Servizo de Atención Cidadá, por Resolución de data 18 de abril de 2005) , un posto de auxiliar administrativo do Servizo de Atención Cidadá, de auxiliar administrativo do Servizo de Participación Cidadá que prestaba os seus servizos na oficina de Distritos e un posto de xefe de Equipo de Oficinas por xubilación do seu titular. Así mesmo, nos devanditos servizos unha auxiliar é membro da Xunta de Persoal e como tal ten dereito a uso das horas sindicais legalmente prevista e dúas administrativas veñen padecendo sucesivas baixas por enfermidade, o que está a obrigar que as súas funcións sexan desenvolvidas polo demais persoal dos servizos.

O concelleiro delegado de xestión municipal resolveu encomendar a Dª Rosa M Otero Malvarez, segundo resolución de data 23 de febreiro de 2010, ao abeiro do disposto no artigo 73 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, con carácter provisional, as funcións de administrativo de admón. xeral na Area de Participación Cidadá, co fin de garantir a adecuada prestación do servizo público, e sen prexuízo tanto das tarefas propias do posto de traballo ao cal está adscrito como das características inherentes á praza da cal é titular, baixo a dirección da Xefatura do Servizo. A dita encomenda, terá validez dende a data da resolución ata 31 de decembro do presente ano 2010, devengando os dereitos retributivos que se establezan consonte á lexislación vixente e instrucións de cadro de persoal anexas á Relación de Postos de Traballo.

De dita Resolución douse conta a Xunta de Goberno local na súa sesión de data 15 de marzo de 2010.

De conformidade coas instrucións de cadro de persoal vixentes, o aboamento efectuarase en función dos días realmente traballados, excluíndose polo tanto as baixas por enfermidade ou accidente e as vacacións., agás que a produtividade contase con periodicidade, na que se computarían as baixas por accidente de traballo, enfermidade profesional e permisos e licencias.

Neste caso, e non tendo o carácter periódico, a produtividade deberase calcular en función dos días efectivamente traballados .Segundo os datos obrantes no Servizo de Recursos Humanos, a funcionaria D^a Rosa M^a Otero Malvarez non usou vacacións nin tivo baixa por IT no período comprendido entre o 24 de febreiro ao 31 de marzo de 2010.

Tendo en conta o recollido no art. 23 da Lei 30/84 en relación coa Disposición Final Cuarta da Lei 7/2007 de 12 de abril, o art. 28 da Lei 26/2009, do 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para 2010, así como o art. 5 do R.D. 861/86 definen a produtividade como unha retribución complementaria non fixa nin periódica, establecida en función do especial rendemento, a actividade e dedicación extraordinaria e o interese e iniciativa con que o funcionario/a desempeña o seu traballo, esixindo que a súa valoración se faga desde ditos parámetros obxectivos e atendendo tamén os resultados ou obxectivos perseguidos polos correspondentes programas, sen que en ningún caso as cantidades percibidas polo dito concepto en relación cun período determinado, orixinen dereitos individuais respecto de eventuais valoracións o apreciacións para períodos sucesivos.

Así mesmo, nas vixentes instrucións de cadro de persoal no apartado terceiro a) recollese que “con cargo ao complemento de produtividade aboarase a actividade e adicación extraordinaria derivada da acumulación temporal de dous postos de traballo por motivos de urxencia..por importe equivalente ao complemento de destino do posto acumulado”.

Tendo en conta que o complemento de destino do posto 105 “Administrativo” supón un importe mensual de 439,21€, correspondería o aboamento en concepto de produtividade a funcionaria D^a Rosa M^a Otero Malvarez polo período comprendido entre o 24 de febreiro ao 31 de marzo de 2010, a cantidade de 527,05 €, polo que previo informe da Intervención Xeral proponse á Xunta de Goberno Local:

- 1. Outorgar á funcionaria D^a Rosa M^a Otero Malvarez, un complemento de produtividade por importe de 527,05 € euros, importe calculado en función do importe mensual do complemento destino do posto 105 “Administrativo”, posto acumulado segundo resolución do concelleiro delegado de xestión municipal de data 23 de febreiro de 2010, polo período comprendido entre o 24 de febreiro ao 31 de marzo de 2010.*
- 2. Aprobar e comprometer o gasto por importe de 527,05 € en concepto de produtividade a favor da funcionaria D^a Rosa M^a Otero Malvarez, con cargo a la partida 922.0.1500000, polo período comprendido entre o 24 de febreiro ao 31 de marzo de 2010.*

Dese traslado do presente acordo a interesada, ao Comité de persoal e a Intervención xeral, debendo expoñerse asemade no Taboleiro de Editos por un prazo de dez días

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ó da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 meses dende o día seguinte ó da súa notificación ou publicación, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

11(858).- COMPLEMENTO DE PRODUTIVIDADE AOS OFICIAIS CONDUTORES DA TENENCIA ALCALDÍA, CORRESPONDENTE AO PRIMEIRO TRIMESTRE 2010. EXPTE. 19843/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 10.05.10, dáse conta do informe-proposta da técnica de avaliación e formación de Recursos Humanos, do 30.04.10, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro de Xestión Municipal, que di o seguinte:

Dentro do persoal que presta os seus servizos na 1ª tenencia da Alcaldía, figuran dous postos de policía local-seguridad, ós que se lle esixe permanentemente un rendemento e dedicación extraordinaria no desenvolvemento dos seus postos de traballo máis aló do meramente esixible polo desempeño das súas funcións públicas, segundo o disposto no Decreto de data 10 de xullo de 2007 e 1 de decembro de 2008, da Alcaldía-Presidencia.

Neste caso e fronte ó restante persoal das súas respectivas categorías, concorren as circunstancias contempladas no art. 5 do Real decreto 861/1986, do 25 de abril, para facerse acredores do complemento de produtividade, xa que non contan cun horario fixo, senón que teñen que estar a disposición da 1º tenencia de Alcaldía no momento no que sexan requiridos para isto, incluso xornadas en sábado, domingo ou festivo, nocturna, etc.

O 1º Tenente Alcalde, a través de escrito de data 1 de abril de 2010, solicita se lles aboe un complemento de produtividade, de conformidade co disposto na base j) da Instrución 3ª sobre cadro de persoal e relación de postos de traballo, con contía a determinar pola Xunta de Goberno Local en función das horas traballadas, dada a similitude das súas funcións coas correspondentes aos condutores de alcaldía. Inclúense declaracións xuradas dos funcionarios D José Luís Pérez Costas e D Manuel Antonio Vázquez Martínez, do numero de horas realizadas no período comprendido entre Xaneiro-Marzo 2010

Os devengos retributivos en concepto de produtividade e gratificacións forman parte das retribucións complementarias dos funcionarios públicos, como así recolle a Lei 7/2007, do 12 de abril do Estatuto Básico do Empregado Público (BOE nº 89, do venres 13 de abril do 2007) no seu artigo 24. Dado que o novo réxime retributivo deseñado na devandita norma xurídica non entrará en vigor ata a o desenvolvemento lexislativo posterior consonte á Disposición Final Cuarta da mesma norma, e vista a derogación expresa que do artigo 23 da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública, efectúa a Disposición Derrogatoria Única, apartado b), debe acudirse ao preceptuado no o art. 28 da Lei 26/2009, do 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para 2010, que define e precisa o contido e alcance do complemento de produtividade.

De conformidade co disposto no artigo 5 do R.D. 861/86, de 25 de abril, polo que se regula o réxime de retribucións dos funcionarios da Administración local, o complemento de produtividade está destinado a retribuír o especial rendemento, actividade extraordinaria, e o interese e iniciativa coa que o funcionario desenvolve o seu traballo.

A apreciación da produtividade deberá realizarse en función de circunstancias obxectivas relacionadas directamente co desempeño do posto de traballo e obxectivos asignados ó mesmo, sen que en ningún caso as contías asignadas por dito complemento devenguen nengún tipo de dereito individual verbo das valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos.

As cantidades que perciba cada funcionario por este concepto serán de coñecemento público, tanto dos demais funcionarios da Corporación coma dos representantes sindicais.

Na actualidade, a facultade de asignación individual deste complemento retributivo atópase delegada na Xunta de Goberno Local.

A este respecto, as vixentes instrucións sobre cadro de persoal e relación de postos de traballo, en concreto a citada instrución 3ª j), establece que "con cargo ó complemento de produtividade aboarase o especial rendemento e dedicación e a actividade extraordinaria pola plena dispoñibilidade que se lle esixe ó persoal que presta servizos como Conductor da Alcaldía, en función das horas traballadas a establecer pola Comisión municipal de Goberno, condicionado, en todo caso, ó informe previo do servizo da Alcaldía, acreditativo da especial dedicación".

O abono efectuarase en función dos días realmente traballados, excluíndose, polo tanto, as baixas por enfermidade ou accidente e as vacacións. Non obstante, consideráranse como traballados os períodos de baixas por accidente de traballo e enfermidade profesional e, os correspondentes a permisos e licencias contidos no acordo regulador de condicións económicas e sociais do persoal ó servizo da Corporación, sempre que a produtividade conte con periodicidade e non se autorice día a día.

A asignación destes complementos retributivos requirirá consignación previa do gasto por parte da Intervención Xeral, así como a ulterior publicación do acordo no Taboleiro de Editos da Casa do Concello para coñecemento dos demais traballadores.

En consecuencia, e acreditado o número de horas de prestación de servizos, considerase oportuno recompensar este meritorio rendemento e dedicación permanente, a través dun complemento de produtividade que en certa medida compense o esforzo e dedicación que se lle ven esixindo ós traballadores afectados.

Como promedio obxectivo para a súa asignación, considerase ponderado o abono de 4.25 € hora normal e de 4.02 € hora festiva no caso de D Manuel Antonio Vázquez Martínez e 4.13 € hora normal e 6.72 € no caso de D José Luís Pérez Costas, cantidades que se aboarán en función das horas en exceso realizadas, resultando as seguintes cantidades:

D. José Luís Pérez Costas, con DNI 36.085.935 Q e nº de persoal 23142, policía local-seguridad,

Juan Luís Pérez Costas	total horas 1º trim 2010	importe/hora	Total
normais	116	4,25	493
festivas	66	6,84	451,44
			944,44

Manuel Antonio Vázquez Martínez, con DNI 36.034.662 H e nº de persoal 18253 policía local-seguridad,

D.

Manuel Antonio Vazquez Martínez	total horas 1º trim 2010	importe/hora	Total
---------------------------------	--------------------------	--------------	-------

normais	35	4,13	144,55
festivas	58	6,72	389,76
			534,31

Vistos os feitos precedentes e normas legais de anterior invocación, pode informarse que, en principio, concorrerían os supostos necesarios para que o órgano resolutor puidera proceder ó outorgamento deste complemento retributivo con cargo a partida 922.0.1500000, ben entendendo que non se trata dun dereito subxectivo preexistente dos funcionarios, senón dunha retribución complementaria de carácter eminentemente discrecional por parte do órgano resolutor, toda vez que a simple concurrencia dos criterios de asignación aprobados pola Xunta de Goberno Local non poden implicar un devengo automático da produtividade, xa que estes tan só constitúen os supostos fácticos previos e necesarios para poder aprecia-lo rendemento dos funcionarios propostos, proponse á Xunta de Goberno Local, previo informe da Intervención Xeral, a seguinte PROPOSTA:

1. Outorgar ós seguintes funcionarios, que prestan servizos como policías locais- seguridade da 1º Tenencia de Alcaldía, as cantidades que para cada un deles se especifica, polo especial rendemento e dedicación extraordinaria no desenvolvemento dos seus postos de traballo, mais ala do meramente esixible polo desempeño das súas funcións públicas, de conformidade co regulamentado no artigo 5 do R. decreto 861/86, de 25 de abril, polo período comprendido entre o 1 de xaneiro ao 31 de marzo de 2010:

D. José Luis Pérez Costas, con DNI 36.085.935 Q e nº de persoal 23142, policía local-seguridade, por importe de 944,44 €

D. Manuel Antonio Vázquez Martínez, con DNI 36.034.662 H e nº de persoal 18253 policía local-seguridade, por importe de 534,31 €

2. Aprobar e comprometer o gasto por importe de 944,44 € e 534,31€, en concepto de produtividade a favor dos funcionarios D. José Luís Pérez Costas, con DNI 36.085.935 Q e nº de persoal 23142 e D. Manuel Antonio Vázquez Martínez, con DNI 36.034.662 H e nº de persoal 18253 policía local-seguridade, con cargo a la partida 12111500000, polo período comprendido ao 1º trimestre do ano 2010

Déase traslado da presente resolución ós interesados, ó Comité de Persoal e á Intervención Xeral, debendo expoñerse, así mesmo, no Taboleiro de Editos da Casa do Concello por prazo de quince días.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

12(859).- COMPLEMENTO DE PRODUTIVIDADE A FUNCIONARIOS DO SERVIZO DE ELECTROMECAÑICOS POR LIMPEZA DE FONTES PÚBLICAS, CORRESPONDENTE AO PRIMEIRO TRIMESTRE 2010. EXPTE. 19815/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 10.05.10, dáse conta do informe-proposta da técnica de avaliación e formación de Recursos Humanos, do 20.04.10, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro de Xestión Municipal, que di o seguinte:

Remítese a este Servizo de Recursos Humanos solicitude de aboamento dun complemento de produtividade ao persoal que participa nas tarefas de limpeza das fontes publicas ornamentais do Concello de Vigo, correspondentes ao 1º trimestre do ano 2010.

Relacionase aos funcionarios D Juan Davila Pérez, D Francisco Oterino Fernández e D Francisco J Bea Puentes.

Nas vixentes instrucións sobre cadro de persoal e relación de postos de traballo do persoal o servizo da corporación e dos seus organismos autónomos para o exercicio 2009, aprobadas pola Xunta de Goberno Local, na súa sesión de data 21 de xaneiro de 2009, no seu apartado TERCEIRO n) contempla o aboamento, con carácter transitorio en tanto non sexa decidido outro sistema de xestión polo Goberno Municipal, dun complemento de produtividade ao persoal do servizo de electromecánicos que participan no operativo da limpeza especial das fontes publicas ornamentais, supeditado en todo caso o informe do responsable do servizos, acreditativo do rendemento e dedicación dos traballadores propostos polas seguintes contías:

Responsable da brigada : 350 € trimestrais

Persoal de oficios : 280 € trimestrais”

O aboamento das produtividades efectuarase en función dos días realmente traballados, excluíndose polo tanto os períodos de baixa laboral, sen prexuízo do disposto no parágrafo segundo do artigo 23 do Acordo regulador vixente. Sen embargo, consideraranse como traballados os períodos correspondentes a permisos e licencias contidos no Acordo regulador de condicións económicas e sociais do persoal ó servizo da Corporación, sempre que a produtividade conte con periodicidade e non se autorice día a día.

Segundo os datos obrantes neste Servizo de Recursos Humanos dito persoal non disfrutaron de vacacións no 1º Trimestre do ano 2010 e unicamente estivo de baixa por IT D Francisco J Bea Puentes, do 18 de febreiro ao 1 de marzo de 2010

Tendo en conta os importes trimestrais que figuran nas vixentes instrucións de plantilla, actualizados para o ano 2010, correspondería o aboamento das cantidades seguintes a cada un dos funcionarios, correspondentes ao 1º trimestre do ano 2010:

N persoal	Nome	a percibir
14491	Juan Davila Pérez	351,05
10725	Francisco Oterino Fernández	280,84
79136	Francisco J Bea Puentes	243,39

Por isto, e previo informe da Intervención Xeral relativo á consignación e fiscalización do gasto, proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte,

A C O R D O :

1. Recoñecer aos empregado municipais adscritos ao Servizo de Electromecánicos que participan no operativo da limpeza especial das fontes publicas ornamentais , D Juan Davila Pérez, con n de persoal 14491, D Francisco Oterino Fernández, con n de persoal 10725 e D Francisco J Bea Puentes, con n de persoal 79136 as cantidades que a continuación se relacionan segundo o recollido no apartado Terceiro n) das vixentes instrucións de plantilla, aprobadas pola Xunta de Goberno na súa sesión de data 21 de xaneiro de 2009, correspondentes ao 1 trimestre do ano 2010:

<i>N persoal</i>	<i>Nome</i>	<i>a percibir</i>
14491	Juan Davila Pérez	351,05
10725	Francisco Oterino Fernández	280,84
79136	Francisco J Bea Puentes	243,39

2. *Aprobar e comprometer o gasto por importe de 875,28 € en concepto de produtividade a favor dos funcionarios D. Juan Davila Pérez, con n de persoal 14491, D Francisco Oterino Fernández, con n de persoal 10725 e D Francisco J Bea Puentes, con n de persoal 79136, con cargo a la partida 92201500000, polo período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 31 de marzo de 2010.*

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

13(860).- EXECUCIÓN PROVIDENCIA DO XULGADO DO SOCIAL NÚM. 1, (183/2008) DE ABONO DE INTERESES A D^a PILAR PITA BALTEIRO. EXPTE. 19866/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización, do do 21.05.10, dáse conta do informe-proposta da técnica de Xestión, do 19.05.10, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos, que di o seguinte:

Con data 21 de abril de 2010, remítese polo Xulgado do Social N^o 1 de Vigo, providencia en relación coa execución 183/2008, sendo demandante D^a M^a Pilar Pita Balteiro en relación coas autos 171/2008 en materia de despido, no que se insta ao Concello para que proceda a abonar a cantidade de 3.007,24 € en concepto de intereses.

Con data 2 de febreiro de 2009, a Xunta de Goberno Local adoptou acordo de execución de sentenza do TSXG no recurso de suplicación n^o 4196/2008, procedéndose a readmisión de D^a Pilar Pita Balteiro con data 11 de febreiro de 2009.

Posteriormente con data 5 de outubro de 2009, a Xunta de Goberno Local adoptou acordo polo que se deu cumprimento a dita sentenza no referente ao abono dos salarios de tramitación.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I. A vixente Constitución de 1978 contempla o exercicio da potestade xurisdiccional dende unha dobre perspectiva: como potestade de xulgar e facer executa-lo xulgado residenciada con carácter exclusivo nos xulgados e tribunais de xustiza (artigo 117.3) e como obriga de cumprimento das sentenzas e demais resolucións firmes emanadas dos xuíces e Tribunais e a de prestar a colaboración requirida por estes, tanto no curso do proceso coma na execución do resolto (artigo 118), ambas como máxima expresión da doutrina da separación de poderes subxacente ao nos sistema constitucional, herdeiro do constitucionalismo europeo influenciado por MONTESQUIEU e a súa fundamental obra “Dèfense de l’esprit des lois” (1750), identificadoras da independencia e autonomía do poder xudicial nas sociedades constitucionais contemporáneas.

En idéntico senso, o artigo 18.2 da Lei Orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial, establece a obriga de cumprimento das sentenzas nos seus propios termos. A Administración Pública está suxeita, no desenvolvemento da súa actividade, ao principio constitucional do pleno sometemento á Lei e ó

Dereito (artigo 103). No artigo 17.2 da referenciada Lei Orgánica do Poder Xudicial preceptúase que as Administracións Públicas, as autoridades e funcionarios, as Corporacións e todas as Entidades públicas e privadas deben respectar, e, no seu caso, cumprir as sentenzas e demais resolucións xudiciais que teñen gañado firmeza ou sexan executables de conformidade coas leis.

II. Tal e como sinala o Tribunal Constitucional na Sentenza 66/1982, de 12 de novembro, e que constitúe criterio xurisprudencial plenamente consolidado, “... o artigo 24 da Constitución Española, en canto que garante a todas as persoas o dereito a obter a tutela efectiva de xuíces e tribunais no exercicio dos seus dereitos e intereses lexítimos, implica o recoñecemento dos efectos das resolucións dos tribunais predeterminados pola Lei por todos os órganos do Estado”.

III. En aplicación do principio de especialidade como principio xeral do Dereito, informador do ordenamento xurídico ex artigo 3 do vixente Código Civil, cómpre salientar que o Real Decreto Lexislativo 2/1995, do 7 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Procedemento Laboral, efectúa no seu artigo 235 unha remisión normativa á Lei 1/2000, do 7 de xaneiro, de Axuízamento Civil, en canto á execución de sentenzas e demais resolucións xudiciais firmes (v. artigos 517 e seguintes da mesma); constitúen títulos executivos, entre outros, as sentenzas de condena firmes (artigo 235.1) como é, no suposto que nos ocupa.

IV. Sen prexuízo das competencias que o Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal ostenta en canto ó cumprimento dos mandamentos e exhortos procedentes das autoridades xudiciais relacionados co persoal municipal, delegadas por Decreto da Alcaldía de 02/01/2004, corresponde á Xunta de Goberno Local a competencia para resolver en tal senso, de conformidade co establecido no artigo 127. h) da vixente Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, en aplicación da cláusula de competencia residual en materia de persoal.

Consecuentemente, sométese á consideración do dito órgano a aprobación da seguinte PROPOSTA DE ACORDO:

Único.- Dar cumprimento a providencia do Xulgado do Social nº 1 de Vigo, na execución 183/2008, procedéndose ao abono da cantidade de 3.007,24 € en concepto de intereses na conta do Xulgado do Social Nº 1 mediante transferencia na conta nº 0030 1871 30 0000000000 co concepto 3626 0000 64 018308.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 meses dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente en Dereito.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

14(861).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DE ALUGUER DE MAQUINARIA PARA O SERVIZO DE VÍAS E OBRAS DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 274/440.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico, do 11.05.10, o informe de fiscalización, do 18.05.10, e de acordo co informe-proposta do xefe Administrativo da Área de Servizos Xerais, do 22.04.10, conformado polo asesor xurídico, o xefe e a concelleira de dita Área, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aproba-lo prego de prescricións técnicas particulares e os seus anexos para a contratación de aluguer de maquinaria para o servizo de Vías e Obras do Concello de Vigo, redactado polo Enxeñeiro Técnico de Vías e Obras

2º.- Aproba-lo prego de prescricións administrativas particulares e as FEC elaborados pola xefatura administrativa da Área de Servizos Xerais e Vías e Obras para a contratación, por procedemento aberto e tramitación ordinaria, do aluguer de maquinaria para o servizo de Vías e Obras do Concello de Vigo

3º.- Autoriza-lo gasto por un importe máximo de 849.600 € (OITOCENTOS CORENTA E NOVE MIL SEISCENTOS EUROS), con cargo á aplicación orzamentaria 1550.210.00.00 do orzamento municipal de Vías e Obras, segundo o seguinte desglose:

Primeira anualidade:

Orzamento 2010: 141.600 €

Orzamento 2011: 283.200 €

Segunda anualidade:

Orzamento 2011: 141.600 €

Orzamento 2012: 283.200 €

4º.- Comprometerse a consignar nos orzamentos municipais de 2011 e 2012 os importes indicados no punto anterior, para facer fronte ao gasto derivado da execución do presente contrato.

5º.- Abrir o procedemento licitatorio para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

15(862).- PROXECTO DE OBRAS ORDINARIAS DE URBANIZACIÓN DO VIAL PERPENDICULAR NA RÚA CANIDO Nº 143. EXPTE. 4923/401.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do técnico de Admón. Xeral, do 10.05.10, conformado polo arquitecto director da oficina de Planeamento-Xestión, conformado polo xerente de Urbanismo, a Xunta de Goberno local acorda:

I. ANTECEDENTES

I.1. En data 26.05.2009 tivo entrada no Rexistro xeral da XMU unha solicitude presentada por “Inmobiliaria Meridional Gallega, S.L.” (Doc. nº 90078820) coa que se achegaba a documentación correspondente ó «PROXECTO DE URBANIZACIÓN DE VIAL PERPENDICULAR Á RUA CANIDO», redactado polo arquitecto D. Pedro de la Puente Crespo, con planos visados polo COAG en datas 18.05.2009 e 22.07.2009.

I.2. O proxecto foi oportunamente remitido ós servizos municipais con competencias na materia (Montes, Parques e Xardíns, Electromecánicos – Servizos Xerais) e ás empresas prestadoras dos distintos servizos urbanísticos (“Unión Fenosa, S.A.”, “Gas Galicia, SDG, S.A.”, “R” Cable y Telecomunicaciones de Galicia, S.A.” e “Telefónica de España, S.A.”).

I.3. A súa documentación inicial foi completada no sentido indicado no requirimento municipal de data 18.06.2009, achegando os promotores da actuación un Anexo xustificativo da innecesariedade de someter o proxecto de referencia ó trámite de Avaliación de Impacto Ambiental (EIA), e corrixida de acordo coas indicacións do Servizo de Electromecánicos, que informou favorablemente o proxecto.

Tamén foron requiridos (oficio do 25.01.2010) e achegados (Doc. nº 100014543; Rexistro XMU 02.02.2010) os títulos de propiedade e a documentación complementaria relativa á titularidade alegada (certificacións rexistras), así como as escrituras de constitución das mercantís e os correspondentes poderes de representación.

I.4. O 17.09.2009 tivo entrada no Rexistro xeral da XMU (Doc. nº 90133449) o informe de data 03.09.2009 do Secretario xeral de Calidade e Avaliación ambiental da CMATI da Xunta de Galicia, no que se concluíu que: «non procede o sometemento do proxecto obxecto de consulta ao trámite de impacto ou efectos ambientais, debéndose en todo caso adoptar as medidas que sexan de aplicación das que figuran no anexo que se achega co presente oficio».

I.5. Mediante Resolución do director da Axencia de Protección da Legalidade Urbanística de data 26.11.2009 outorgouse a autorización da Admón. autonómica na zona de servidume de protección do dominio público marítimo-terrestre prevista no Art. 26 da L.22/1988, do 28 de xullo, de Costas, para a realización das obras de urbanización deste vial na parte afectada por aquela servidume, nas condicións que na mesma se expresan: (1) Adopción das medidas necesarias para garantir a integridade do DPMT e as súas zonas de servidume, así como a seguridades das persoas e bens; (2) Obter as correspondentes licenzas e autorizacións, e, (3) Cumprimento do prazo máximo para a finalización das obras (2 anos).

I.6. A Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria do 08.03.2010, acordou aprobar inicialmente este proxecto de obras ordinarias de urbanización, dispoñendo a apertura dun trámite de información pública polo prazo de 20 días hábiles mediante a publicación de anuncios no BOP (BOP nº 58, do 26.03.2010) e nun xornal dos de maior circulación na provincia («Faro de Vigo» do 26.03.2010) e a notificación ós interesados, servizos municipais e empresas prestadoras dos servizos de auga, electricidade, gas, telefonía e cable; notificacións todas elas que constan no expediente administrativo.

Dispuxo, así mesmo, a constitución polos promotores dun aval bancario por importe de 104.521,96 € (presuposto de execución por contrata) para responder da execución destas obras; aval que foi constituído e presentado o 04.05.2010 no Rexistro xeral da XMU (Doc. nº 100060910); nº de operación 201000028646.

I.7. Durante o prazo concedido para o efecto e segundo certificación expedida polo secretario da XMU o 26.04.2010, non se presentou alegación ningunha.

I.8. Enviado en data 06.05.2010 o expediente de referencia ó TAX que subscribe, emítese o seguinte informe-proposta.

II. NORMATIVA EXAMINADA

- *TRLS/2008 (RDLex. 2/2008, do 20 de xuño, Texto Refundido da Lei do Solo).*
- *LOUGA (L.9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación urbanística e Protección do medio rural de Galicia).*
- *RDLex.1/2008, do 11 de xaneiro, Texto refundido da Lei de Avaliación de Impacto Ambiental de proxectos.*
- *L.9/2006, do 28 de abril, sobre Avaliación dos efectos de determinados plans e programas no medio ambiente.*
- *L.6/2007, do 11 de maio, de Medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia.*
- *L.22/1988, do 28 de xullo, de Costas.*
- *RD.1471/1989, do 1 de decembro, Regulamento da Lei de Costas.*
- *D.158/2005, do 2 de xuño, polo que se regulan as competencias autonómicas na zona de servidume de protección do dominio público marítimo.*
- *RD.105/2008, do 1 de febreiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición.*
- *LRBRL (L.7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime local).*
- *LRX-PAC (L.30/1992, do 26 de novembro, de Réxime xurídico da Admóns. públicas e do Procedemento administrativo común).*
- *LRXCA (L.29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición contencioso-administrativa).*
- *LCSP (L.30/2007, do 30 de outubro, de Contratos do Sector público).*
- *RD.817/2009, do 8 de maio, de desenvolvemento parcial da LCSP*
- *L.8/1997, do 20 de agosto, de Accesibilidade e supresión de barreiras na CA de Galicia.*
- *D.35/2000, do 28 de xaneiro, de desenvolvemento e execución da L.8/1997.*
- *RDUGal (D.28/1999, do 21 de xaneiro, Regulamento de Disciplina Urbanística de Galicia).*
- *RXU (D.3288/1978, do 25 de agosto, Regulamento de Xestión urbanística).*
- *RPU (D.2159/1978, do 23 de xuño, Regulamento de Planeamento urbanístico).*
- *RD.1093/1997, do 4 de xullo, Regulamento sobre inscrición no Rexistro da Propiedade de actos de natureza urbanística.*
- *Estatutos da Xerencia Municipal de Urbanismo (A.D. Pleno 29.07.1996, BOP 04.09.1996; modificación: A.D. Pleno 20.10.2000, BOP 06.11.2000).*
- *PXOM 2008 (Plan Xeral de Ordenación Municipal de Vigo; A.D. parcial: Orde Conselleira CPTOPT do 16.05.2008; DOG nº 106, do 03.06.2008; BOP nº 151, do 06.08.2008; Orde Conselleiro CMAIT do 13.07.2009; DOG nº 144, do 24.07.2009; BOP nº 175, do 10.09.2009).*

III. DEREITO/VALORACIÓN XURÍDICA

III.1. Tramítase este procedemento ó abeiro do disposto, especificamente, no Art. 110.4 da LOUGA para a aprobación dos proxectos de urbanización. Así pois, unha vez aprobado inicialmente e sometido ó trámite de información pública sen que se formulasen alegacións e unha vez constituído o aval requirido, procedería aprobalo definitivamente e dispoñer o procedente sobre a cesión (gratuita, libre de cargas e gravames) que deba efectuarse para viario público.

Esta cesión cuantifícase nunha superficie total de 317,40 m² e deberá formalizarse en escritura pública posterior á aprobación definitiva deste proxecto, previas as operacións de segregación que, de ser o caso, resulten necesarias.

Lémbrese que no escrito conxunto presentado o 02.02.2010 polos representantes legais de “Inmobiliaria Meridional Gallega, S.L.” e de “Urbavigo, S.L.” e por D. Isidro Álvarez Feijoo e D^a M^a Carmen Fernández Freire, todos eles –propietarios das tres parcelas afectadas pola apertura do vial- solicitaran expresamente desta Administración que: “se formalice la cesión de terrenos cuyo ofrecimiento se realiza en este acto, libre de cargas y gravámenes sitos en Vial perpendicular de Rúa Canido, destinados a viario público según el PXOM vigente, según plano que se acompaña”.

III.2. Así, tal como se sinalaba no noso informe-proposta de aprobación inicial, de acordo coa documentación técnica incluída no «PROXECTO DE URBANIZACIÓN DE VIAL PERPENDICULAR Á RUA CANIDO», redactado polo arquitecto D. Pedro de la Puente Crespo, o plano aportado coa instancia dos interesados do 02.02.2010 (copia do visado polo COAG o 03.06.2009) e o informe do arquitecto municipal Director da Área de Planeamento – Xestión da XMU de data 11.02.2010, a cesión para viario que deberá asumir cada un dos tres propietarios é a seguinte:

Parcela catastral nº 7014448NG1771S0001R1, de 1.025 m² de superficie, segundo escritura (Catastro: 929 m²), propiedade de “Urbavigo, S.A.” e situada na rúa Canido nº 141. Deberá ceder para completar a urbanización e adquirir a condición de soar unha superficie (segundo o plano achegado) de 13,14 m², na confluencia coa rúa Canido.

- Parcela catastral nº 7014447NG1771S0001K1, de 1.100 m² de superficie, segundo escritura (Catastro: 1.025 m²), propiedade de D. Isidro Álvarez Feijoo e D^a M^a Carmen Fernández Freire, situada na rúa Canido nº 143. Deberá ceder, coa mesma finalidade, unha superficie (segundo o plano achegado) de 7,82 m², na confluencia con vial de nova apertura polo PXOM.
- Parcela catastral nº 7014445NG1771S0001M1, de 2.144 m² de superficie, segundo escritura (Catastro: 2.248 m²), propiedade de “Inmobiliaria Meridional Gallega, S.L.”, situada na rúa Canido nº 147. Deberá ceder, coa mesma finalidade, unha superficie (segundo o plano achegado) de 296,44 m², na confluencia con vial de nova apertura polo PXOM.

III.3. Xustificouse neste expediente o cumprimento do disposto na normativa urbanística para a aprobación dos proxectos de urbanización e no RDLex.1/2008, do 11 de xaneiro, polo que se aprobou o Texto refundido da Lei de Avaliación do Impacto Ambiental de proxectos, que menciona como susceptibles de seren sometidos á tramitación de AIA os proxectos de urbanización (Art. 3.2.a] e Anexo II – Grupo 7.b).

Ademais, a teor dos informes técnicos que constan no expediente, acreditouse o cumprimento das NNUU do Plan Xeral, do disposto nos Arts. 67-70 do RPU, no RD.105/2008, do 1 de febreiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición e na normativa autonómica de accesibilidade: L.8/1997, do 20 de agosto, de accesibilidade e supresión de barreiras na CA de Galicia e D.35/2000, do 28 de xaneiro, de desenvolvemento e execución da L.8/1997.

III.4. Tocante ó seguimento e recepción das obras de urbanización, estarase ó disposto na normativa xeral aplicable (Art. 110.5 LOUGA e 218 LCSP) e, en particular, ó previsto nas NNUU do PXOM (Capítulo 4.3) e no «Protocolo de actuacións para o seguimento e recepción das obras de urbanización de ámbitos de iniciativa privada no Concello de Vigo» (Exp. nº 62/403), aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión do 14.09.2009 e publicado no BOP nº 222 do 17.11.2009.

Lémbrese, ademais que –en todo caso- para que o Concello reciba as obras de urbanización e poida comezar o cómputo do prazo establecido no Art. 110.5 LOUGA, será preceptiva a presentación dun informe redactado por

unha empresa cualificada sobre control de calidade, que recolla os informes parciais e as conclusións finais das obras, nos termos establecidos no Título VII («Normas xerais de ordenación e urbanización») do PXOM.

III.5. É competente para aprobar definitivamente este proxecto de obras ordinarias de urbanización a Xunta de Goberno Local, segundo o disposto no Art. 127.1.d) da LRBRL.

IV. PROPOSTA

En consecuencia, visto o que antecede e a normativa de pertinente aplicación; en especial, o Art. 110.4 da LOUGA, propónse á Xunta de Goberno Local do Excmo. Concello de Vigo a adopción do seguinte ACORDO:

- PRIMEIRO:** De conformidade cos informes técnicos que constan no Expediente nº 4923/401, aprobar definitivamente o «Proxecto de urbanización de vial perpendicular á rúa Canido» (nº 143) promovido polas mercantís “Inmobiliaria Meridional Gallega, S.L.” e “Urbavigo, S.A.” e redactado polo arquitecto D. Pedro de la Puente Crespo, con planos visados polo COAG en datas 18.05.2009 e 22.07.2009, cun orzamento de execución por contrata de 104.521,96 €.
- SEGUNDO:** Condiciónase a eficacia deste acordo á cesión pola propiedade, en escritura pública, libre, gratuíta e en pleno dominio, da superficie total de 317,40 m2 para viario público municipal, que afecta, na contía que se indica no informe-proposta transcrito na parte expositiva deste acordo, ás parcelas catastrais núms. 7014448NG1771S0001R1, 7014447NG1771S0001K1 e 7014445NG1771S0001M1.
- TERCEIRO:** Para a o seguimento e recepción das obras de urbanización, estarase ó disposto na normativa urbanística e de contratación aplicable e, en particular, ó previsto nas normas urbanísticas do PXOM e no «Protocolo de actuacións para o seguimento e recepción das obras de urbanización de ámbitos de iniciativa privada no Concello de Vigo». Ademais, para que o Concello reciba as obras de urbanización será preceptiva a presentación dun informe redactado por unha empresa cualificada sobre control de calidade que recolla os informes parciais e as conclusións finais das obras, nos termos establecidos no Título VII do PXOM.
- CUARTO:** Notificar o contido íntegro deste acordo ós interesados (“Urbavigo, S.A.”, “Inmobiliaria Meridional Gallega, S.L.” e Sres. Álvarez Feijóo e Fernández Freire), coa indicación de que contra o mesmo cabe interpoñer, alternativamente, recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que o ditou no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo perante os xulgados do contencioso-administrativo de Vigo no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte ó da preceptiva notificación.
- QUINTO:** Dease conta tamén do presente acordo á Oficina de Servizos centrais da Xerencia de Urbanismo, ós Servizos municipais de Tráfico, OSPIO, Electromecánicos e Montes, Parques e Xardíns e tamén ás empresas “R Cable y Telecomunicaciones de Galicia, S.A.”, “Telefónica de España, S.A.”, “Unión Fenosa S.A.”, “Aqualia, S.A.” e “Gas Galicia S.A.”».

Non obstante, o órgano resolutorio decidirá, co seu superior criterio, o que estime máis oportuno.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

16(863).- SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á XUNTA DE GALICIA Ó ABEIRO DA “CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS DESTINADAS ÁS ENTIDADES LOCAIS DE GALICIA PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DIRIXIDAS Á XUVENTUDE, PARA A PROMOCIÓN DA INFORMACIÓN XUENIL E PARA A INCORPORACIÓN DA XUVENTUDE ÁS NOVAS TECNOLOXÍAS DURANTE O ANO 2010”. EXPTE. 2804/336.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo coa proposta da xefa do Servizo de Xuventude, do 18.05.10, conformado pola concelleira delegada de Xuventude, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar a proposta de subvencións da Concellería de Xuventude que se achega no expediente, dentro da recente “Convocatoria de subvencións destinadas ás entidades locais de Galicia para a realización de actividades dirixidas á xuventude, para a promoción da información xuvenil e para a incorporación da xuventude ás novas tecnoloxías durante o ano 2010” da Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia, na orde do 22 de abril de 2010, por importe total de 291.295€€ do que se solicita unha subvención de 218.471,25€

2º.- Facultar a D^a. Iolanda Veloso Ríos, como Concelleira Delegada da Área de Xuventude para representar o Concello de Vigo na presentación das presentes propostas de subvención.

ASUNTOS FÓRA DA ORDE DO DIA

A Xunta de Goberno Local, co quórum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.

17(864).- CONTRATACIÓN LABORAL-TEMPORAL (ACUMULACIÓN DE TAREFAS), DE SETE SUBALTERNOS/AS POR UN PERÍODO DE TRES MESES PARA O SERVIZO DE EDUCACIÓN.

A Xunta de Goberno Local, co quórum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización, do 25.05.10, e de acordo co informe-proposta do técnico de Organización e Planificación de Recursos Humanos, do 21.05.10, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Declara-la urxencia para proceder á contratación laboral-temporal por acumulación de tarefas de sete subalternos/as, por un período de tres meses, prorrogables por outros tres, dentro dun máximo de seis meses, ao abeiro do exposto no artigo 15.1.b) do Real Decreto Legislativo 1/1995, do 24 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, nos termos da solicitude da concelleira-delegada de Educación de data 6

de abril de 2010 e, en consecuencia, autoriza-lo gasto por importe de 36.441,09€ con cargo a partida orzamentaria 922.0.140.00.00 -outras modalidades contratación laboral, para facer fronte as referidas contratacións.

2º.- Autorizar a contratación de D^a. Patricia Campos Alonso, DNI 36.141.927-A, D^a. Sonsoles Otero Fernández, DNI 36.091.721-Y e D. Ruben de la Fuente Estévez, como subalternos/as, por un período de tres meses, prorrogables por outros tres mais, ata completar un máximo de seis meses (26 de maio ó 24 de agosto de 2010) para a realización de tarefas de vixilancia de instalacións municipais nos colexios públicos desta cidade, seguintes aspirantes que superaron tódolos exercicios da oposición de subalternos na derradeira convocatoria da Oferta de Emprego Público, de conformidade coas bases da mesma e o disposto no art. 3.3º da Orde 1461/2002, do 6 de xuño do Ministerio para as Administracións Públicas, percibindo como retribucións o importe do soldo, retribucións complementarias e a parte proporcional da paga extraordinaria do posto Cód. 155, subalterno/a, sendo adscritos ó Servizo de Educación (cód. 332).

Formalizaranse cos interesados, contratos laborais temporais por acumulación de tarefas ó amparo do disposto no art. 15.1.b) do Real Decreto Lexislativo 1/1995, do 24 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores e no art. 1 e 3.1 do RD 2720/1998, de 18 de decembro.

3º- Será de aplicación o disposto no artigo 15.5 do Estatuto dos Traballadores no relativo a duración máxima dos períodos de contratación das distintas modalidades contractuais de duración determinada (24 meses dentro do período de 30 meses computados dende o 1 de xullo do 2006), podendo comprobarse no programa de xestión de persoal que os candidatos propostos, non vulneran o establecido no referido precepto legal.

4º.- A xornada laboral dos traballadores/as contratados/as, desenvolverase preferentemente en xornada continuada de mañá –07,45 a 15,00 horas-. En calquera caso, contarase con dispoñibilidade horaria para traballar en quenda de tarde, si por requirimento do Servizo fose necesario.

5º.- Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o día seguinte ao da publicación do acto que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos, 8, 25 e 46 da vixente Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

18(865).- ADXUDICACIÓN DEFINITIVA DOS SERVIZOS DE CREACIÓN DE ÁREAS ETNO-ARQUEOLÓXICAS MEDIANTE UNHA POSTA EN VALOR DOS BENS PATRIMONIAIS DAS PARROQUIAS DE CANDEÁN, ZAMÁNS E SAIÁNS. EXPTE. 5470/307.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 21.05.10, e de acordo co informe-proposta do secretario da Mesa de Contratación, do 20.05.10, a Xunta de Goberno local acorda:

Adxudicar definitivamente á mercantil VAN DIVULGACIÓN CULTURAL, S.L., o procedemento aberto para a contratación dos servizos de creación de áreas etnoarqueolóxicas mediante unha posta en valor dos bens patrimoniais das parroquias de Candeán, Zamáns e Saiáns (Expediente: 5470-307) por un prezo total de 95.120 euros IVE incluído (a cota correspondente o IVE é de 13.120 euros) e coas seguintes prestacións adicionais:

- Sobre o persoal mínimo medio esixido de 7 persoas, aporta a maiores 3 persoas procedentes de situación legal de desemprego das que 1 é desempregada de larga duración.
- Incrementa o prazo de garantía en 6 meses respecto do prazo de 12 meses fixados no prego de cláusulas administrativas particulares, co que o prazo total de garantía é de 18 meses.
- Propón a execución das seguintes melloras valoradas por un importe total de 4.050 euros:
 1. Campaña de difusión do proxecto (cartelería, conferencias, campaña en centros educativos, visitas guiadas): ditas actuacións presupóstanse en 1.700 euros.
 2. Melloras no material divulgativo (deseño e edición de cartel, melloras no deseño): o seu custe total ascende a 850 euros.
 3. Elaboración dun plan de xestión, cun orzamento de 1.500 euros.

Todo o anterior de acordo co prego de cláusulas administrativas particulares e o proxecto aprobado por acordo da Xunta de Goberno de 11-03-2010 e a oferta presentada.

19(866).- PROPOSTA DE CORRECCIÓN DO ACORDO DE SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR DA XUNTA DE GALICIA DOS PROGRAMAS DE COOPERACIÓN 2010. EXPTE. 7074/77.

A Xunta de Goberno Local, co quórum regulamentario, acorda declarar a urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Dáse conta do informe-proposta do xefe do Servizo de Promoción Económica e Emprego, do 20.05.10, que di o seguinte:

A Orde do 19 de febreiro de 2009 da Consellaría de Traballo e Benestar regula a convocatoria dos Programas de Cooperación para o exercicio do ano 2010, pola que se subvenciona a contratación, por parte das entidades locais, de persoal traballador desempregado con especiais dificultades de inserción, para a realización de obras ou servizos de interese xeral e social. Así, a través deste

programa, a Xunta de Galicia subvenciona os custos salariais totais, segundo o convenio de aplicación, excepto a indemnización por cese, que sería a única cantidade que, en concepto de retribución ás persoas participantes, o Concello de Vigo debería cofinanciar en caso de resolución favorable aprobatoria de subvención.

É por isto que Promoción Económica e Emprego solicitou dos diferentes departamentos municipais a elaboración de proxectos de actuación de interese para o seu ámbito competencial que puideran acollerse a esta subvención, especificando que as actuacións propostas deben diferenciarse claramente das funcións propias do cadro de persoal municipal, que a formación obrigatoria do persoal traballador é responsabilidade do departamento ao que estes se adscriban, e que, así mesmo, os custos de materiais, de funcionamento e cartel explicativo deben ser asumidos por cada departamento.

A Xunta de Goberno Local de data 18 de marzo de 2010, acordou conforme ao expediente 6821/77.

1º.- Aprobado as memorias para presentar á convocatoria de Programas de Cooperación 2010, que se resumen no cadro adxunto.

2º.- Solicitar á Xunta de Galicia unha subvención de 3.794.664,71€ para o desenvolvemento das memorias aprobadas.

3º.- Asumir as obrigas económicas que ao Concello de Vigo lle podan corresponder no desenvolvemento destes proxectos, no caso de seren aprobados pola Xunta de Galicia.

4º.- Delegar no concelleiro de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá a representación do concello na tramitación da solicitude de subvención diante da Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia.

Do mesmo xeito, ca proposta de ampliación do acordo de solicitude de subvención á Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia dos Programas de Cooperación 2010, a Xunta de Goberno Local acordou conforme ao expediente 6894177:

1º. Aprobado a memoria "Educar en igualdade-Prever a violencia de xénero" para súa presentación á convocatoria de "Programas de Cooperación 2010", coas seguintes características:

Duración da memoria 12 meses.

Traballadores/as:

3 Pedagoga/os.

2 Axentes de igualdade.

2 Promotor/as de igualdade.

importe da ampliación do proxecto solicitado 120.740,76 €

2º. Aprobado a memoria modificada "Mellora das infraestruturas viais do rural" para súa presentación á convocatoria de "Programas de Cooperación 2010", coas seguintes características:

Duración da memoria 12 meses.

Traballadores/as solicitados/as na ampliación:

9 Peóns de construción.

importe da ampliación do proxecto solicitado 120.777,48 €.

3º. Modificar o acordo de solicitude aprobada pola Xunta de Goberno Local de data 18/03/2010 no punto 18 "Obras e servizos para presentar á convocatoria de programas de Cooperación, ano 2010, expediente 6821/77 á Xunta de Galicia, de tal xeito que:

Se engada a memoria "Educar en igualdade-Prever a violencia de xénero" ás aprobadas polo importe de 120.740,76 €.

Se modifique a memoria "Mellora das infraestruturas viais do rural", ampliando a mesma no importe de 120.777,48 €.

4º. Aprobar un importe total da subvención a solicitar á Xunta de Galicia na convocatoria de programas de cooperación 2010 de 4.036.182,95€ para o desenvolvemento das memorias.

5º. Asumir as obrigas económicas que ao Concello de Vigo lle podan corresponder no desenvolvemento destes proxectos, no caso de seren aprobados pola Xunta de Galicia.

6º. Delegar no concelleiro de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá a representación do concello na tramitación da solicitude de subvención diante da Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia.

As memorias aprobadas corresponden a 18 proxectos para a contratación de 296 traballadores/as naqueles ámbitos nos que existía unha maior necesidade de actuación; o custo salarial destas 296 contratacións ascendería, aproximadamente a 4.036.182,95€, aplicando o Acordo marco de regulación das condicións socio-laborais das contratacións realizadas no marco do Plan municipal de emprego 2004-2007, subsidiariamente vixente e coas táboas salariais actualizadas no ano 2010.

Consecuencia do distinto criterio na aplicación do redondeo ás cantidades respecto a consellería de Traballo e Benestar e da necesidade de aplicar correctamente os tipos de cotización aplicables a ocupacións e situacións en todas as situacións por IT e IMS faise necesario a modificación de algúns dos Anexos III presentados relativos ao cálculo da subvención polo que modifícase o importe total da subvención a solicitar para o desenvolvemento das memorias que ascendería a un total de 4.029.97,21€.

Por todo o anteriormente exposto, e seguindo instrucións do concelleiro de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá, PROPONSE á Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte ACORDO:

1 . Aprobar a modificación dos Anexos III que se achegan pola actualización dos tipos de cotización aplicables a ocupacións e situacións nos casos de IT e IMS e/ou o redondeo na cantidade resultante.

2. Aprobar un importe total da subvención a solicitar á Xunta de Galicia na convocatoria de programas de cooperación 2010 de 4.029.197,21€ para o desenvolvemento das memorias.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

20/867).- PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE E NOMEAMENTO DA COORDINACIÓN DE SEGURIDADE E DA SUPERVISIÓN TÉCNICA MUNICIPAL DAS OBRAS DE RENOVACIÓN DAS REDES DE SERVIZOS DE AUGAS E ACTUACIÓN DE CONSERVACIÓN DO ENTORNO DA COLEXIATA DE VIGO. EXPTE. 5638/307.

A Xunta de Goberno Local, co quórum regulamentario, acorda declarar a urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da xefa de Patrimonio Histórico, do 20.05.10, conformado polo delegado da Área de Patrimonio Histórico a Xunta de Goberno local acorda:

1.- Nomear a Juan Aguirre Rodríguez e Juan Hansen García, enxeñeiros municipais da Xerencia de Urbanismo do Concello de Vigo, como supervisores técnicos municipais das obras de renovación das redes de servizos de augas e actuacións de conservación do entorno da Colexiata de Vigo

2.- Nomear a Fernando José Vega Pla, en representación da empresa PETTRA, como coordinador de seguridade e saúde para as obras de renovación das redes de servizos de augas e actuacións de conservación do entorno da Colexiata de Vigo .

3.- Aprobar o Plan de Seguridade e Saúde das obras de renovación das redes de servizos de augas e actuacións de conservación do entorno da Colexiata de Vigo, informado favorablemente por Fernando José Vega Pla, en representación da empresa PETTRA.

21(868).- MODIFICADO Nº 1 “CUSTE CERO” DO PROXECTO DE ACTUACIÓN EN CAMIÑO CRUZ E RÚA CARBALLAL-BEMBRIVE. EXPTE. 314/440.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe de Área de Servizos Xerais, do 24.05.10, que di o seguinte:

Antecedentes

Con data 31 de decembro de 2009, a Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria, adoitou o acordo de adjudicar o expediente 57.663/250 do Proxecto de Actuación en Camiño Cruz e Rúa Carballal - Bembrive, a empresa Construcciones Crespo, S.A.

Unha vez iniciadas as obras, compróbanse pequenas inconcrecións de partidas do proxecto que o fan, en parte, inviable. Debido a isto, preséntase a necesidade de proceder á redacción do presente proxecto modificado, co fin de recoller as variacións producidas respecto ao proxecto primitivo, pensando en substituír partidas ou unidades de obra previstas por outras ou axustando as medicións das distintas unidades da obra de tal xeito que non exista incremento económico da obra.

De acordo co informe da Oficina de Supervisión de proxectos de data 21 de maio, estas variacións consisten principalmente en:

- o Ampliación completa do vial, o que dá lugar a novas unidades de obra, como son: roza e limpeza do terreo, escavación para apertura de caixa, retirada de postes, execución de muro de perpiaño de pedra granítica e a formación do novo firme con base de formigón en masa HM-20 e mestura bituminosa en quente tipo D-12.*
- o Novas acometidas domiciliarias de saneamento á rede xeral municipal.*
- o Execución de pozos de rexistro prefabricados de 100 cm. de diámetro interior e de 2,10 m de altura útil.*

- o *Substitución de pavimento de loseta hidráulica tipo “pergamino beige” por pavimento HM-20 brunido incluso vibrado, curado e armado con malla electrosoldada, totalmente terminado de 15 cm de espesor.*

o

A documentación do proxecto considérase completa, tendo en conta a normativa técnica de aplicación, reunindo todos os requisitos esixidos pola Lei 30/2007 de Contratos do Sector Público, de 30 de outubro, polo que se informa favorablemente e propónse á súa aprobación.

Por todo o anteriormente exposto, faise á Xunta de Goberno Local a seguinte:

PROPOSTA:

Aprobar o proxecto modificado nº 1 a “custe cero” do proxecto de Actuación en Camiño Crus e Rúa Carballal – Bembrive.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

22(869).- MODIFICADO Nº 1 “CUSTE CERO” DO PROXECTO DE HUMANIZACIÓN DO BARRIO DE BOUZAS. RÚA PAULINO FREIRE. EXPTE. 313/440.

A Xunta de Goberno Local, co quórum regulamentario, acorda declarar a urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe de Área de Servizos Xerais, do 24.05.10, que di o seguinte:

Antecedentes

Con data 4 de novembro de 2009, a Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria, adoitou o acordo de adxudicar o expediente 57.623/250 do Proxecto de Humanización da Barrio de Bouzas. Rúa Paulino Freire, a empresa Eiriña, S.L.

Unha vez iniciadas as obras, compróbanse pequenas inconcrecións de partidas do proxecto que o fan, en parte, inviable. Debido a isto, preséntase a necesidade de proceder á redacción do presente proxecto modificado, co fin de recoller as variacións producidas respecto ao proxecto primitivo, pensando en substituír partidas ou unidades de obra previstas por outras ou axustando as medicións das distintas unidades da obra de tal xeito que non exista incremento económico da obra.

De acordo co informe da Oficina de Supervisión de proxectos de data 21 de maio, estas variacións consisten principalmente en:

- o *Debido a cantidade de servizos afectados que discorren por ambas beirarrúas, é preciso realizar catas para a súa localización e evitar posibles avarías.*
- o *Variáase a sección tipo do vial, pasando dos dous carrís contemplados no proxecto orixinal a un único carril e unha banda de aparcamento en liña, o que orixina máis medición de baldosa de granito e unha diminución da superficie de fresado, ademais do cambio no peralte da calzada.*
- o *Demolición de murete existente e substitución por un bordo de granito de 15 x 70 x 30, sobre o que se disporá unha varanda de aceiro inoxidable.*
- o *Colocación de canais de formigón polímero nalgunhas zoas das beirarrúas.*

- o *Substitución de árbores proxectadas por elementos ornamentais tipo xardineiras elevadas, constituídos por un mástil ou un maceteiro apegado.*
- o *Suprímense as illas de colectores soterrados debido á cantidade de servizos existentes nas beirarrúas.*

A documentación do proxecto considérase completa, tendo en conta a normativa técnica de aplicación, reunindo todos os requisitos esixidos pola Lei 30/2007 de Contratos do Sector Público, de 30 de outubro, polo que se informa favorablemente e propónse á súa aprobación.

Por todo o anteriormente exposto, faise á Xunta de Goberno Local a seguinte:

PROPOSTA:

Aprobar o proxecto modificado nº 1 a “custe cero” do proxecto de Humanización do Barrio de Bouzas. Rúa Paulino Freire..

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

23(870).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non se formularon.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e doce minutos. Como secretaria dou fe.

me/kv.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Isaura Abelairas Rodríguez.